


Moscova San Petersburgo

afundación.org



NAUTALIA
Viajes

// Afundación

Obra Social ABANCA



26 de xuño – Santiago de Compostela / San Petersburgo

Presentación á hora indicada, nos Espazos +60, para realizar o traslado ata o aeroporto de Santiago e posterior embarque en voo especial directo con destino San Petersburgo. Xantar a bordo. Chegada ao aeroporto de San Petersburgo e, unha vez recollida a equipaxe, realizarase unha visita panorámica da cidade, co seu centro histórico e os seus monumentos principais. Teremos oportunidade de apreciar a Perspectiva Nevsky, cos seus prestixiosos edificios: pazos Aníchkov, Stroganov e Beloselski-Belozerski, e a Catedral ortodoxa de Nosa Señora de Kazán. Pasarán ante o Almirantado e a súa imponente Áecha dorada. Visita da Fortaleza de Pedro e Pablo, situada nunha pequena illa en fronte do Pazo de Inverno. Dominando os tres brazos do Neva, desde as súas murallas, diariamente un canonazo marca as doce do mediodía. Cea no hotel.

27 de xuño – San Petersburgo

Almorzo e saída para realizar a excursión de Cruceiro polas Canles. Visita da Igrexa de San Salvador sobre o Sangue Derramado. Xantar. Pola tarde, visita do Museo do Hermitage, situado no Pazo de Inverno, antiga residencia dos tsares. É o maior museo de Rusia, así como un dos máis importantes do mundo. Cea no hotel.

28 de xuño – San Petersburgo

Almorzo e saída para realizar a visita de Peterhof (ida en hydrofoil a través do río Neva a toda velocidade, o que, sen dúbida, fará máis encantadora esta fabulosa visita do coñecido como "Versalles ruso", residencia de verán dos tsares). Situado no beira sur do golfo de Finlandia, visitaremos o pazo e os xardíns, declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Son especialmente coñecidas as súas caprichosas fontes de Neptuno, da Aciñeira, os Estanques e a dos Cadrados, seguindo as técnicas máis modernas do século XVIII. Os seus maravillosos parques contan con 176 fontes de diferentes formas e estilos, 4 fervenzas, numerosas estatuas douradas de antigos deuses e heroes. Naquela época, para alimentar as fontes, foi inventado un sistema de enxeñería hidráulica polo enxeñeiro ruso Vastly Tuvolkov, que utilizou con gran mestría o monte natural dos mananciais naturais de Ropsha cara ao o mar. Xantar e, a continuación, excursión a



Paulovsk e visita exterior do Pazo de Catarina e o parque. A pequena cidade de Pushkin, situada a 30 km ao sur de San Petersburgo, denominouse así en honor do máis grande poeta ruso. Nela atópase unha das máis fermosas residencias imperiais, o Pazo de Catarina. A fermosísima arquitectura do pazo atopa o seu reflexo no parque circundante, onde se pode pasear entre bosques de bidueiros e abetos, pontes, lagos, esculturas e pérgolas. De volta a San Petersburgo, visita da Catedral de San Nicolás dos Mariños. Cea no hotel.

29 de xuño – San Petersburgo / Moscova


Almorzo e tempo libre para poder realizar as últimas compras nesta cidade e poder aproveitar as últimas horas nesta marabillosa capital. Xantar e traslado á estación de ferrocarril para saír en tren Sapsan de alta velocidade con destino a Moscova. Cea no hotel.

30 de xuño – Moscova

Almorzo e saída para realizar unha visita da cidade, onde poderemos contemplar os edificios máis emblemáticos da capital. Percorrido a pé polo centro histórico. Comezaremos xunto á Praza Manézhnaya. Pararemos ante a fachada do edificio da “Duma” ou Parlamento ruso. Admiraremos o célebre Teatro Bolshói e o imponente edificio da “Lubianka”, sede do antigo KGB. Chegaremos, a continuación, á Praza Vermella, declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco, chamada así pola cor dos ladrillos dos edificios que a rodean: o Museo de Historia, as murallas do Kremlin e a Catedral de San Basilio. Remataremos o paseo bordeando as murallas do Kremlin, o xardín de Alexander, o máis antigo de Moscova. Xantar e, pola tarde, visita do espectacular Metro de Moscova, que, aínda hoxe en día, é o principal medio de transporte da cidade e un dos principais do mundo. Cea no hotel.

1 de xullo – Moscova

Almorzo e saída para realizar a visita do Kremlin coas súas catedrais. A palabra “Kremlin” significa fortaleza en ruso. O de Moscova, berce da cidade, é o máis importante do país e foi declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Visita do interior do recinto para admirar a “Campá Tsarina”, a maior do mundo, e o “Canón Tsar”. Rematarán visitando a célebre “Praza das Catedrais”, enmarcada polas de San Miguel, a Durmición e a Anunciación. Xantar. Visita da Rúa Arbat para



explorar unha das rúas máis famosas de Moscova nun agradable percorrido a pé. É unha exposición permanente ao aire libre, onde se venden libros, artigos de mestres populares de artes aplicadas e decorativas, óleos e miniaturas de talentosos mozos pintores. Din que, paseando por esta rúa, se entende mellor a alma de Moscova. Aprenderán como a rúa recibiu o seu nome e o que significa, e viaxarán a través dos séculos para coñecer a historia dunha das rúas máis antigas que sobreviviron na capital rusa. Arbat ofréceselles para un paseo que mostra as facetas ben diversas de Moscova: todos os estilos arquitectónicos (obras da Idade Media, clasicismo, art nouveau, o construtivismo, a arquitectura estaliniana), a historia dos moscovitas destacados que residían alí (como o escritor e poeta Alexander Pushkin, a poetisa Marina Tsvetayeva, o compositor Alexander Scriabin, o escritor Mijaíl Bulgakov), as festas rusas e a cociña, os teatros de Moscova. O restaurante emblemático “Praga”, situado ao inicio da rúa Arbat, garda recordos dos seus famosos visitantes como Antón Chejov. Cea no hotel.

2 de xullo – Moscova

Almorzo no hotel e saída para realizar a visita do famoso mercado de Izmailovo. Situado a pouca distancia de Moscova, Izmaïlovo é célebre polo seu inmenso mercado, onde todo se pode atopar, desde modestos recordos e artigos que non valen máis que uns poucos de rublos, ás requintadas producións dos mellores artesáns. Ademais das tradicionais bonecas rusas, pódense atopar, sobre todo, xoias e artigos de bixería, “recordos” da época soviética e tamén artesanía procedente de todos os recunchos do país. A inmensa cantidade de artigos e o variado das súas orixes son a proba palpable de que nos atopamos no cruzamento de Europa e Asia. Varios obradoiros permiten descubrir os oficios tradicionais como a ourivería, a cerámica ou o traballo dos teceláns. Pódense, igualmente, admirar diferentes edificios que representan a arquitectura tradicional rusa tanto en pedra como en madeira. Xantar e, pola tarde, saída cara ao Parque VDNJ, Parque Temático de Exposicións. Este centro de exposicións foi motivo de orgullo e símbolo de unión para o pobo soviético. Hoxe en día segue sendo de grande importancia para Rusia. Nos anos 50 foi reconstruído e ampliado para dar cabida a exposicións temporais, conferencias científicas e, por suposto, ao famoso Museo do Cosmos e ao Pavillón Espacial, con prototipos dos satélites



Sputnik, os foguetes Soyuz e Vostok, reconstrucións do Apolo norteamericano e un avión Tupolev 154. Poderemos contemplar, ademais, as súas impresionantes fontes. Regreso ao hotel e saída para realizar unha cea especial de despedida en Moscú.

3 de xullo – Moscova / Santiago de Compostela

Almorzo no hotel. Traslado ao aeroporto e, tras os trámites de facturación e embarque, saída en voo especial directo con destino a Santiago de Compostela. Xantar, no aeroporto de Moscova, incluído. Chegada do voo ao aeroporto de Santiago e, tras a recollida de equipaxes, traslado en servizo privado á nosa cidade de orixe.

PREZO:

En habitación dobre/soci@ ABANCA: 2.035 €

En habitación dobre/soci@: 2.240 €

Suplemento habitación individual: 395 €

*No caso de cancelación do acompañante ou non atopar unha persoa para compartir habitación, o cliente deberá asumir o custo do suplemento individual.

O NOSO PREZO INCLÚE

Autobús desde os Espazos +60 ata o aeroporto e viceversa

Voo especial directo desde Santiago de Compostela a San Petersburgo e de Moscova a Santiago de Compostela

Maleta facturada de 20 kg

Autocar para todo o percorrido

Estancia de 3 noites en San Petersburgo e 4 en Moscova en hoteis de 4*

Réxime de pensión completa, 13 comidas (6 xantares e 7 ceas) Inclúe xantar a bordo o 1.º día e no aeroporto de Moscova, o 8.º día

Pack de bebidas en xantar e cea (auga, copa de viño ou cervexa, ou refresco)

Billete de tren de alta velocidade Sapsan San Petersburgo/Moscova



Visita panorámica de San Petersburgo e Moscova

Visitas á Fortaleza de Pedro e Pablo, ao Hermitage, á Igrexa do Sangue Derramado, a San Nicolás dos Mariños, ao metro de Moscova, do Kremlin coas súas catedrais, á rúa Arbat.

Excursións ao Pazo e Xardíns de Peterhof (ida en hydrofoil), ao Pazo e Parque de Pavlovsk e aos exteriores do Pazo Catarina (Pushkin), ao mercado de Izmalovo e Parque de VDNJ

Visado de entrada en Rusia

Guía acompañante de fala hispana durante o percorrido

Audioguías individuais

Seguro de cancelación e de asistencia coa compañía Mapfre

O NOSO PREZO NON INCLÚE

Ningún servizo non especificado no apartado anterior

HOTEIS PREVISTOS OU SIMILARES

Moscu: Renaissance Moscow Monarch Centre hotel 4* /Novotel Moscow center 4*

Holiday inn Moscow Sodolniki

St Petesburgo: Holiday inn St. Petersburg Moskovskye Vorota 4*

Holiday inn St.Petersburg Sadovaya 4* / Nashotel 4*

CONDICIÓNS DE CANCELACIÓN

Del 26 Marzo al 25 Abril: 535 €

Del 26 Abril al 25 Mayo: 1035 €

Del 26 Mayo al 10 Junio: 1535 €

Del 11 Junio al 26 Junio: 100% gastos del importe total del viaje

O importe correspondente ao visado, en caso de que este xa se tramitase, non será reembolsable en ningún caso

//Afundación

Obra Social ABANCA

Información e reservas
Espazos +60 Afundación ou
Nautalia A Coruña.
981 117 659